



Concello de Cospeito

Asunto: Autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público.

Procedemento; En réxime de concorrancia.

Expediente núm.: 82/2024.

ACTA DA MESA DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS DE APROVEITAMENTO E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, PARA A VENDA AMBULANTE NA RÚA DA AGRA (2024)

ASISTENTES:

Persoa que exerce a Presidencia :
Interventora municipal D^a. María Silva Taboada.

Persoas que exercen como Vocais:
Secretaria municipal D^a. Ana María Rubiera Álvarez

Persoa que exerce a Secretaría:
Funcionaria municipal de Cospeito D^a. Cruz Anido Araujo

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 11:00 horas do día 7 de agosto de 2024, reúnen os membros da mesa de valoración das ofertas, integrados polos membros citados anteriormente conforme ao establecido na cláusula décima do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrancia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra, ao obxecto de valorar a documentación administrativa presentada una vez realizada a proposta de

Vista a acta da mesa de valoración de 8 de abril de 2024, do seguinte tenor literal:

“[...]PRIMEIRO.- Formular proposta de adxudicación dos postos ofertados ao órgano municipal competente para resolver o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concorrancia, do seguinte xeito:

Parcela A	M ^a Luisa Costa dos Anjos
Parcela B	Noelia Verdes Peteira
Parcela C	Diana Adelaida Machado

SEGUNDO.- Notificar os solicitantes propostos como adxudicatarios aos efectos de que presenten a documentación necesaria no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, conforme o establecido na

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra.

TERCEIRO.- Finalizado o prazo de presentación reunirase a mesa de valoración para examinar a documentación presentada e realizar a clasificación aos efectos do establecido na base décimo cuarta do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria.

CUARTO.- Publicar esta acta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. [...]"

Notificada a acta do 8 de abril de 2024 aos interesados e dentro do prazo outorgado de 10 días hábiles por R.E. D^a Noelia Verdes Peteira presenta a seguinte documentación:

- Copia do D.N.I.
- Certificados positivos da AEAT e Seguridade Social
- Certificado de manipulador de alimentos
- Póliza de responsabilidade civil
- Póliza de seguro remolque
- Documentación técnica remolque
- Certificado de instalación eléctrica

As interesadas D^a. María Luisa Costa dos Anjos e D^a. Diana Adelaida Machado non presentan ningunha documentación.

Realizado o exame da documentación presentada por D^a. Noelia Verdes Peteira e tendo en conta o disposto na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas regulador da convocatoria e na cláusula V.IV do prego de condicións técnicas regulador da convocatoria constátase a falta de presentación da documentación acreditativa do cumprimento pola solicitante dos requisitos establecidos nos mesmos:

- Póliza de responsabilidade civil cunha vixencia que cubra como mínimo o tempo de adxudicación
- Xustificante de pago da póliza
- No seu caso, xustificante de alta en compañía eléctrica e último recibo de pago ou certificado electrotécnico de baixa tensión e a documentación de grupo electrógeno con certificado de cumprimento da normativa de aplicación
- Certificado de revisión de extintores
- Permiso de circulación
- Pago do canon

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

-Compróbase de oficio o cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Cospeito

Considerando o réxime xurídico aplicable ao contrato e, en especial, a aplicación dos principios da contratación pública establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, e a súa normativa de desenvolvemento (Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non fosen derogadas por esta LCSP).

Considerando o disposto no artigo 71 da LCAP segundo o cal constitúe prohibición para contratar“(…)Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen; ou no caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir o requisito de que polo menos o 2 por cento dos seus empregados sexan traballadores con discapacidade, de conformidade co artigo 42 do Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nas condicións que regulamentariamente se determinen; ou no caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir coa obrigación de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que deberán inscribir no Rexistro laboral correspondente”

Segundo a cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas “(…)Se no devandito prazo o petionario non presentase a documentación requirida, a proposta de adxudicación quedará sen efecto e a Mesa formulará proposta de adxudicación ó solicitante que ocupe o posto seguinte na orde de adxudicación, repetíndose o procedemento e outorgándolle ó novo adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presente a documentación sinalada. A non presentación da documentación por parte do solicitante proposto como adxudicatario terá as consecuencias sinaladas nas cláusulas 17 e seguintes deste prego”

Visto canto antecede os membros da mesa de valoración por unanimidade,

ACORDAN,

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a proposta de adxudicación dos postos realizada pola mesa na súa sesión do 8 de abril de 2024 polos motivos expostos nos antecedentes do pa presente acta e formular proposta de adxudicación a seguinte candidata conforme a clasificación efectuada pola mesa na súa sesión do 14 de marzo de 2024 :

- D^a. Isabel Varela Lomao con D.N.I. 33323931J en representación de Isabel y Olaya S.C.

Concello de Cospeito





Concello de Cospeito

SEGUNDO.- Notificar a solicitante proposta como adxudicataria aos efectos de que presente a documentación necesaria no prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á recepción da preceptiva notificación, conforme o establecido na cláusula décimo terceira do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria pública para o outorgamento de autorizacións de aproveitamento e ocupación do dominio público, en réxime de concurrencia, para a venda ambulante na Rúa Da Agra.

TERCEIRO.- Finalizado o prazo de presentación reunirase a mesa de valoración para examinar a documentación presentada e realizar a clasificación aos efectos do establecido na base décimo cuarta do prego de condicións administrativas reguladora da convocatoria.

CUARTO.- Publicar esta acta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

A Presidenta da por rematada a sesión ás 12:00 horas. E para que quede constancia do tratado, a Secretaria redacta esta acta, someténdose a sinatura e da que dou fe,

Asdo.: D.^a María Silva Taboada

Asdo.: D. Ana María Rubiera Álvarez

Asdo.: Cruz Anido Araujo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: FHN5PQZ9QOFRLJ3X5R1AJK9GZ
Corrección: <https://concellocospeito.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

